

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Levar a cabo un control no n.º de especies.	⇒ Realizando descastes, batidas... ⇒ Estimando as mortes por depredadores.
○ Coñecer as especies predadoras.	⇒ Estudando o control e os límites adecuados para pórllle remedio inmediato.
○ Seleccionar os métodos para o control de predadores.	⇒ Coñecendo o seu funcionamento e as diferenzas de cada un deles (os selectivos, non selectivos e alternativos).
○ Aumentar a diferenza entre depredadores.	⇒ Utilizando sinais para evitar o seu asentamento.
○ Organizar as tarefas do garda e do peón .	⇒ Distribuindo o traballo de cada un. ⇒ Informándoos de todas as prestacións do couto. ⇒ Seguindo o seu traballo.

#### MÓDULO FORMATIVO

Rexistro e arquivo de información.

#### OBXECTIVO XERAL

Adquirir os coñecementos necesarios para desenvolver os procesos de rexistro e arquivo da información xerada pola actividade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Aplicar técnicas de elaboración documental e transmisión de documentación escrita.	⇒ Enumerando e diferenciando entre si os distintos tipos de documentos manexados na actividade. ⇒ Cumprimentando correctamente os distintos documentos. ⇒ Efectuando a transmisión da documentación escrita.
○ Clasificar, rexistrar e arquivar a distinta información xerada pola actividade.	⇒ Efectuando a correcta clasificación, rexistro e arquivo de diferentes tipos de informacións e documentos.

### 6.3.2. OPERADOR DE TRANSMISIÓN E VIXILANCIA

#### CONTIDOS FORMATIVOS

- ➔ **Ocupación**  
Operador de transmisión e vixilancia(ocupación polivalente)
- ➔ **Actividade**  
Defensa contra incendios

<b>UNIDADE DE COMPETENCIA</b>	<b>1</b>	Realizar a preparación e mantemento preventivo dos equipos de transmisión.
<b>REALIZACIÓN PROFESIONAL</b>	1.1	Manter os equipos radiotransmisores en perfecto estado de funcionamento.
	1.2	Manter os equipos ofimáticos.
	1.3	Realizar o mantemento da caseta ou torre.

## SABER

- ◆ Coñecer as características dos equipos radiotransmisores, os seus compoñentes, funcionamento e mantemento.
- ◆ Ter coñecementos sobre as normas de coidado e mantemento do equipo de comunicación.
- ◆ Posuír coñecementos básicos sobre o coidado e mantemento de instrumentos/ferramentas.
- ◆ Coñecer as condicións de hixiene e habitabilidade que ha de cumprir o lugar de traballo: caseta ou torre, oficina, etc.
- ◆ Ter coñecemento dos compoñentes e o funcionamento das estacións meteorolóxicas.
- ◆ Posuír coñecementos de primeiros auxilios.
- ◆ Coñecer os protocolos de actuación.
- ◆ Coñecer a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.
- ◆ Posuír coñecementos mínimos en materia de calidade.
- ◆ Ter coñecementos básicos de medio ambiente.

## SABER FACER

- ◆ Distinguir os distintos compoñentes dos equipos de comunicación.
- ◆ Efectuar comprobacións das conexións dos equipos de transmisión.
- ◆ Conectar e desconectar o equipo de comunicación e os seus compoñentes.
- ◆ Revisar a conexión da antena do equipo de transmisión.
- ◆ Comprobar que tanto o micrófono como os altosfalantes funcionan correctamente.
- ◆ Realizar probas de emisión e recepción co equipo antes de proceder a operar con el para garantir a eficacia das comunicacións.
- ◆ Inspeccionar o estado dos cables de transmisión para evitar continxencias á hora de operar co equipo.
- ◆ Comprobar o estado de funcionamento dos distintos compoñentes do equipo de comunicación.
- ◆ Comprobar e vixiar o estado da carga das baterías dos equipos móbiles e proceder á súa carga ou substitución en caso necesario.
- ◆ Prever a substitución das baterías dos equipos portátiles, así como de calquera outro elemento dos distintos equipos.
- ◆ Comunicar a deterioración ou avaría de calquera dos elementos do equipo de comunicación para proceder á súa restitución.
- ◆ Efectuar comprobacións periódicas das conexións da fonte de alimentación do equipo para evitar posibles interrupcións na operación con eles.
- ◆ Comprobar o nivel de tinta dos equipos de impresión e substituír cartuchos de tinta cando sexa necesario.
- ◆ Controlar que os equipos informáticos e os seus periféricos se atopan perfectamente conectados.
- ◆ Prever a presenza de virus nos equipos informáticos.
- ◆ Orientar os equipos informáticos tendo en conta a iluminación, a ventilación e que non exista humidade.
- ◆ Manter o fax sempre con papel para que calquera transmisión realizada a través del se reciba.
- ◆ Vixiar que os cables dos distintos equipos ofimáticos non se atopen polo chan, dobrados ou curvados para que non se deterioren nin provoquen accidente ningún.
- ◆ Manter as pantallas dos equipos ofimáticos para poder recibir de forma clara e cómoda as informacións.
- ◆ Manexar o equipo de comunicación.
- ◆ Coidar e limpar a caseta ou torre para manter as condicións de habitabilidade e hixiene adecuadas.

- ◆ Limpar a ferramenta doméstica sempre que se empregara.
- ◆ Coidar e manter as ferramentas e útiles de traballo: prismáticos, alidada...
- ◆ Ordenar os útiles e ferramentas de traballo para evitar perdas de tempo en caso de alarma.
- ◆ Diferenciar aparatos de medida de condicións meteorolóxicas.
- ◆ Comprobar o funcionamento de aparatos de medida de condicións meteorolóxicas.<sup>1</sup> Substituír os instrumentos e ferramentas deteriorados, así como os seus accesorios.
- ◆ Comunicar avarías e deterioracións nos útiles de traballo para proceder a ordenar a súa reparación ou a compra de novos elementos.
- ◆ Controlar e revisar o contido da caixa de urxencias, revisando datas de caducidade e provisións e comunicando a necesidade de aprovisionamento.
- ◆ Aplicar criterios de calidade no desenvolvemento do traballo diario.
- ◆ Utilizar adecuadamente os equipos de protección individual indicados para as tarefas que haxa que realizar.
- ◆ Xestionar os residuos xerados pola actividade de forma adecuada.

### SABER ESTAR E ACTUAR

- ◆ Atención e meticulosidade no coidado do equipo.
- ◆ Capacidade de adaptación ao uso de equipos e materiais.
- ◆ Responsabilidade no manexo e mantemento de equipos e lugares de traballo.

### CONTIDOS FORMATIVOS

- ➔ **Ocupación**  
Operador de transmisión e vixilancia(ocupación polivalente)
- ➔ **Actividade**  
Defensa contra incendios

<b>UNIDADE DE COMPETENCIA</b>	<b>2</b>	Efectuar a vixilancia permanente do espazo forestal circundante e realizar a detección eficaz de incendios.
<b>REALIZACIÓN PROFESIONAL</b>	2.1	Vixiar permanentemente o espazo forestal e detectar incendios.
	2.2	Efectuar a localización do incendio.

### SABER

- ◆ Posuír coñecementos sobre o manexo de equipos e materiais de observación.
- ◆ Coñecer os diferentes sistemas de observación espacial: sistemática, xeral, en zigzag.
- ◆ Ter coñecementos sobre o fenómeno do lume e a súa propagación.
- ◆ Estar en coñecemento dos tipos de incendios forestais que poden ter lugar, as súas formas e as súas partes.
- ◆ Coñecer os factores que determinan o comportamento do lume.
- ◆ Ter coñecementos sobre os distintos tipos de combustibles e as súas características.
- ◆ Coñecer a topografía do terreo.
- ◆ Posuír coñecementos dos factores climatolóxicos que interveñen no fenómeno do lume.
- ◆ Ter coñecementos sobre sistemas de localización xeográfica.
- ◆ Posuír coñecementos de interpretación cartográfica.
- ◆ Ter coñecemento dos distintos útiles e ferramentas empregados para establecer coordenadas de localización.
- ◆ Coñecer a diferente cartografía do terreo.
- ◆ Coñecer a rede viaria do terreo.
- ◆ Coñecer a normativa vixente en materia de prevención de riscos.
- ◆ Ter coñecementos sobre calidade no traballo.

### SABER FACER

- ♦ Observar o perímetro de terreos forestais desde a torre ou caseta.
- ♦ Detectar fumes indicadores de alarmas de incendios.
- ♦ Manexar equipos e materiais de observación.
- ♦ Realizar observacións panorámicas do terreo.
- ♦ Levar a cabo observacións sistemáticas do terreo.
- ♦ Efectuar observacións en zigzag do terreo circundante.
- ♦ Diferenciar visualmente zonas forestais das agrícolas.
- ♦ Determinar visualmente a distancia entre distintas zonas do terreo.
- ♦ Rexistrar mentalmente e con detalle a información visual derivada da observación.
- ♦ Identificar elementos significativos da paisaxe observada.
- ♦ Establecer as coordenadas de localización das alarmas de incendios.
- ♦ Localizar a paraxe onde se produciu unha alarma de incendio.
- ♦ Usar o compás para a orientación.
- ♦ Dirixir visuais mediante a alidada de pínulas para o establecemento de coordenadas.
- ♦ Determinar as vías de acceso ao lugar onde se produciu o incendio.
- ♦ Precisar as condicións topográficas do lugar de localización da alarma de incendio: pendente, exposición e relevo.
- ♦ Establecer os combustibles afectados, tanto vexetais como non vexetais, e as condicións que presentan.
- ♦ Determinar as condicións meteorolóxicas nas que se produce a alarma (velocidade e dirección do vento, temperatura e humidade), xa que condicionarán o progreso desta.
- ♦ Aplicar criterios de calidade na realización das tarefas do seu traballo.
- ♦ Utilizar os equipos de protección individual indicados para o seu traballo de forma adecuada.

### SABER ESTAR E ACTUAR

- ♦ Responsabilidade e rigorosidade nos labores de vixilancia en permanente estado de alerta.
- ♦ Rapidez e rigor na localización de alarmas de incendio.
- ♦ Capacidade de adaptación ao uso de equipos e material de observación e localización.
- ♦ Eficacia e minuciosidade na observación para detectar fumes.

### CONTIDOS FORMATIVOS

- **Ocupación**  
Operador de transmisión e vixilancia(ocupación polivalente)
- **Actividade**  
Defensa contra incendios

<b>UNIDADE DE COMPETENCIA</b>	<b>3</b>	Establecer comunicacións utilizando a rede de transmisións para transmitir e recibir informacións.
<b>REALIZACIÓN PROFESIONAL</b>	3.1	Recibir mensaxes/ordes mediante a utilización de equipos radiotransmisores.
	3.2	Transmitir mensaxes/ordes mediante a utilización de equipos radiotransmisores.
	3.3	Manexar os equipos ofimáticos.

### SABER

- ♦ Coñecer os distintos tipos de equipos radiotransmisores, os seus elementos e o seu manexo.

- ◆ Posuír coñecementos para o manexo do alfabeto fonético internacional.
- ◆ Ter coñecemento das distintas modalidades operativas de transmisión que existen.<sup>1</sup>
- ◆ Coñecer a disciplina que se ha seguir na transmisión de mensaxes.
- ◆ Estar en coñecemento de técnicas de comunicación.
- ◆ Posuír coñecementos para efectuar vocalizacións efectivas durante a transmisión de informacións.
- ◆ Coñecer os protocolos de comunicación establecidos.
- ◆ Coñecer a estrutura xerárquica e a organización do distrito forestal no que se traballe.
- ◆ Ter coñecementos sobre a zonificación do territorio en distritos forestais.
- ◆ Posuír coñecementos para manexar de forma eficaz os distintos equipos ofimáticos dispoñibles para recibir/transmitir información e para tratala.
- ◆ Coñecer o plan de incendios forestais da zona.
- ◆ Ter coñecementos de calidade para aplicalos ao desenvolvemento da actividade e mellorar a súa eficacia.
- ◆ Coñecer a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.
- ◆ Posuír coñecementos básicos en materia de medio ambiente.

### SABER FACER

- ◆ Prender o equipo de radiotransmisión.
- ◆ Seleccionar o canal que se vai utilizar para a transmisión e recepción en función da modalidade de transmisión utilizada: *simplex* ou *semiduplex*.
- ◆ Efectuar o axuste do silenciador para evitar a presenza de ruídos durante a recepción ou a transmisión e así facer máis nítido o son.
- ◆ Regular o volume de audición do equipo para realizar unha escoita cómoda e eficaz.
- ◆ Manter a emisora aberta e en volume adecuado durante o servizo correspondente.
- ◆ Intervir nunha transmisión só cando o transmisor rematara e teña dado o "cambio", evitando as interrupcións das mensaxes.
- ◆ Realizar unha escoita atenta e continua.
- ◆ Buscar puntos altos e despexados para mellorar a calidade da recepción e da transmisión no caso de que se utilice un equipo móbil de radiotransmisión (portófono) ou un teléfono móbil.
- ◆ Efectuar a recepción de chamadas de alarma de incendio ou doutras incidencias transmitidas polos efectivos de vixilancia do servizo de defensa contra incendios, por particulares, organismos, etc.
- ◆ Proceder á recepción de toda a información posible sobre o incendio ou incidente para efectuar a súa localización e cuantificación.
- ◆ Recibir comunicacións dos efectivos mobilizados, da xefatura ou centro de coordinación.
- ◆ Recibir información meteorolóxica periódica dos efectivos de vixilancia para rexistrala posteriormente.
- ◆ Realizar a identificación do transmisor da mensaxe toda vez que finalizara para proceder ao seu posterior rexistro.
- ◆ Levar a cabo a comunicación da recepción da mensaxe.
- ◆ Realizar resumos de informacións concretos e claros para axilizar o proceso de transmisión.
- ◆ Utilizar o protocolo de comunicación establecido para proceder á transmisión de informacións e mensaxes.
- ◆ Empregar o alfabeto fonético internacional para transmitir palabras de difícil pronunciación ou que o operador descoñece e que poden provocar inexactitudes na mensaxe.

- ◆ Colocar o micrófono do equipo na posición adecuada para que a mensaxe transmitida sexa clara e non se produzan ruídos adicionais.
- ◆ Manter o pulsador PTT premido durante a emisión da mensaxe.
- ◆ Vocalizar correctamente a información transmitida para garantir que sexa facilmente comprensible polo receptor.
- ◆ Utilizar un ton de voz normal, tranquilo e a unha velocidade que permita a comprensión da información que se transmite.
- ◆ Identificar o/os destinatario/s da mensaxe antes de proceder á transmisión.
- ◆ Esperar a confirmación de que o destinatario se encontra á escoita antes de proceder á transmisión.
- ◆ Transmitir desde o punto de vixilancia terrestre ao centro de operacións correspondente toda a información conseguida durante a detección da alarma de incendio, de forma clara, rápida e precisa.
- ◆ Efectuar comunicacións, vía rede de radiotransmisión, cos efectivos do servizo de defensa contra incendios para realizar o control de presenza no posto segundo cuadrantes de traballo; transmitir ordes da xefatura ou centro de coordinación; demandar información; enviar reforzos; devolvelos á base; etc.
- ◆ Transmitirlles aos efectivos do servizo e á xefatura ou centro de coordinación toda a información sobre os incendios e outros incidentes que teñan lugar.
- ◆ Finalizar as mensaxes coas palabras "cambio" e "corto".
- ◆ Prever o fallo ou saturación da rede de radio e manter para iso abertos e operativos outros sistemas de comunicación como fax, teléfonos, internet.
- ◆ Utilizar o teléfono, fixo ou móbil, e o fax para a transmisión/recepción de información en caso de saturación da rede de radio.
- ◆ Contactar con organismos competentes para efectuar a transmisión de datos sobre incendios ou outros incidentes.
- ◆ Efectuar a transmisión de instrucións aos distintos efectivos da loita contra incendios para a coordinación das tarefas de extinción e control de incendios.
- ◆ Efectuar a introdución e o tratamento de información utilizando o equipo informático.
- ◆ Seleccionar o software apropiado para o tratamento da información.
- ◆ Manexar o teclado do ordenador para a introdución eficaz de información.
- ◆ Imprimir distintos documentos recuperados e/ou elaborados co ordenador.
- ◆ Realizar envíos e recepcións de documentos e/ou informacións mediante a utilización dos medios de teletransmisión: fax, télex, correo electrónico, etc.
- ◆ Manexar os medios de reprografía existentes para a obtención de copias de documentos ou informes.
- ◆ Prever as posibles continxencias que poidan ter lugar durante o establecemento de comunicacións.
- ◆ Utilizar de forma adecuada os distintos equipos de protección individual indicados para a realización do traballo.
- ◆ Efectuar unha xestión eficaz de todos os residuos xerados ao longo do desenvolvemento da actividade.
- ◆ Introducir criterios de calidade á execución das tarefas propias do traballo.

### SABER ESTAR E ACTUAR

- ◆ Rigor na observación dos protocolos de comunicación establecidos.
- ◆ Rapidez e eficacia na transmisión de comunicacións urxentes.
- ◆ Concreción e claridade para organizar e estruturar información.
- ◆ Capacidade de adaptación ás normas establecidas para a comunicación.
- ◆ Claridade e precisión na transmisión de información.
- ◆ Utilización precisa e preparada do protocolo de comunicación.
- ◆ Atención para realizar a escoita.

- ◆ Destreza e precisión no manexo de equipos ofimáticos.

### CONTIDOS FORMATIVOS

- ➔ **Ocupación**  
Operador de transmisión e vixilancia(ocupación polivalente)
- ➔ **Actividade**  
Defensa contra incendios

<b>UNIDADE DE COMPETENCIA</b>	<b>4</b>	Realizar o rexistro de datos.
<b>REALIZACIÓN PROFESIONAL</b>	4.1	Rexistrar manualmente e en soporte informático datos de incidencias e meteorolóxicos.
	4.2	Obter información meteorolóxica da zona.
	4.3	Localizar alarmas de incendios no mapa magnético.
	4.4	Elaborar cuadrantes de quendas de traballo.
	4.5	Actualizar listaxes telefónicas.

### SABER

- ◆ Posuír coñecementos básicos de meteoroloxía.
- ◆ Coñecer os distintos aparatos de medición de condicións meteorolóxicas, os seus elementos, características e manexo.
- ◆ Ter coñecementos de rexistro e arquivo de información.
- ◆ Posuír coñecementos para o manexo eficaz do ordenador no desenvolvemento da actividade laboral.
- ◆ Coñecer o manexo de programas informáticos de procesamento de textos.
- ◆ Ter coñecementos para manexar eficazmente programas de creación e xestión de bases de datos.
- ◆ Coñecer os programas informáticos de localización xeográfica e o seu manexo.
- ◆ Ter coñecementos básicos de interpretación cartográfica e amplos da cartografía da zona xeográfica na que se traballa.
- ◆ Coñecer a estrutura xerárquica e a organización do distrito forestal no que se traballa.
- ◆ Ter coñecementos sobre a zonificación do territorio en distritos forestais.
- ◆ Posuír coñecementos para manexar de forma eficaz os distintos equipos ofimáticos dispoñibles para tratar a información.
- ◆ Coñecer o plan de incendios forestais da zona.
- ◆ Coñecer a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.
- ◆ Posuír coñecementos básicos de calidade.
- ◆ Ter coñecementos básicos en materia de medio ambiente.

### SABER FACER

- ◆ Redactar informes e partes de incidencias.
- ◆ Recoller no libro de incidencias, con indicación de data e hora, a información conseguida das alarmas (localización, combustibles, accesos, dirección e velocidade do vento, etc.).
- ◆ Cumprimentar o parte de incendios coa información que xurda da dinámica destes e indicando efectivos mobilizados, data e hora.
- ◆ Facer constar no libro de incidencias as mensaxes emitidas e transmitidas durante a xornada indicando receptor e emisor.
- ◆ Rexistrar por escrito todas as incidencias que se dean no efectivo durante a xornada laboral.

- ♦ Rexistrar as incidencias que teñen lugar ao longo do desenvolvemento da actividade.
- ♦ Rexistrar os datos meteorolóxicos obtidos da observación dos aparatos de medida tales como dirección do vento, presión atmosférica, humidade relativa, etc., que servirán para determinar o comportamento do lume.
- ♦ Efectuar a lectura dos distintos aparatos de medición de parámetros meteorolóxicos.
- ♦ Saber calcular os distintos índices meteorolóxicos.
- ♦ Colocar imáns no mapa magnético, segundo datos recibidos, para ter unha imaxe visual dos incendios e alarmas activos en cada momento.
- ♦ Crear unha base de datos no ordenador coas quendas de traballo dos efectivos do servizo.
- ♦ Localizar no cadro de persoal ao persoal do servizo, indicando o traballo que se está realizando.
- ♦ Actualizar cuadrantes de traballo en función das incidencias que poidan acontecer.<sup>1</sup> Poner os cuadrantes á vista para que sexan máis fáciles de consultar para todo o mundo.
- ♦ Crear bases de datos no ordenador con información do persoal propio do servizo e tamén do persoal de apoio (bases, hospitais, compañías eléctricas, xulgados, protección civil, etc.).
- ♦ Actualizar constantemente a información das bases de datos.
- ♦ Utilizar adecuadamente os equipos de protección individual indicados para as tarefas que haxa que realizar.
- ♦ Aplicar criterios de calidade na realización do traballo.
- ♦ Xestionar correctamente os residuos xerados no desenvolvemento da actividade.

### SABER ESTAR E ACTUAR

- ♦ Utilización precisa e preparada do equipo profesional.
- ♦ Claridade e concreción no rexistro de datos e información.
- ♦ Rigor na comprobación de datos meteorolóxicos.
- ♦ Concreción e claridade para organizar e estruturar información.
- ♦ Capacidade de adaptación ás normas establecidas para a recollida de información.
- ♦ Destreza e precisión no manexo de equipos ofimáticos.

## PROGRAMA FORMATIVO

■ OCUACIÓN | Operador de transmisión e vixilancia.

### UNIDADE DE COMPETENCIA

1 Realizar a preparación e mantemento preventivo dos equipos de transmisión.

📌	CURSO	TIPO DE CURSO	DURACIÓN
1	Mantemento dos equipos de comunicación.	Transversal UC 1 e 3	120 Horas
	MÓDULOS	R P	TIPO
📖	Seguridade persoal e prevención de accidentes na defensa contra incendios.	Todas	Ocupacional
📖	Rede de comunicacións.	1.1 e 1.2	Transversal
📖	Mantemento de equipos de transmisión.	1.1	Específico
📖	Informática básica.	1.2	Específico
📖	Sensibilización ambiental.	1.1	Específico



**UNIDADE DE COMPETENCIA**

2 Efectuar a vixilancia permanente do espazo forestal.

<b>CURSO</b>	<b>TIPO DE CURSO</b>	<b>DURACIÓN</b>
2 Vixilancia terrestre fixa.	Específico	110 horas
<b>MÓDULOS</b>		<b>TIPO</b>
R	P	
▣ Estrutura da loita contra incendios forestais.	Todas	Ocupacional
▣ Incendios forestais e comportamento do lume.	2.1 e 2.2	Transversal
▣ Meteoroloxía básica.	2.1	Específico
▣ Cartografía e orientación.	2.2	Específico
▣ Seguridade persoal e prevención de accidentes na defensa contra incendios.	2.1 e 2.2	Transversal
▣ Vixilancia e detección de incendios.	2.1	Específico

**UNIDADE DE COMPETENCIA**

3 Establecer comunicacións utilizando a rede de transmisións para transmitir e recibir informacións.

<b>CURSO</b>	<b>TIPO DE CURSO</b>	<b>DURACIÓN</b>
3 As comunicacións na defensa contra incendios.	Específico	150 horas
<b>MÓDULOS</b>		<b>TIPO</b>
R	P	
▣ Estrutura da loita contra incendios forestais.	Todas	Ocupacional
▣ Rede de comunicacións.	3.1 e 3.2	Transversal
▣ Protocolo de comunicacións por radio.	3.1 e 3.2	Transversal
▣ Técnicas de comunicación.	3.2	Específico
▣ Ofimática básica.	3.3	Específico
▣ Seguridade persoal e prevención de accidentes na defensa contra incendios.	3.3	Específico

**UNIDADE DE COMPETENCIA**

4 Realizar o rexistro de datos.

<b>CURSO</b>	<b>TIPO DE CURSO</b>	<b>DURACIÓN</b>
4 Rexistro e codificación de datos.	Específico	100 horas
<b>MÓDULOS</b>		<b>TIPO</b>
R	P	
▣ Estrutura da loita contra incendios forestais.	Todas	Ocupacional
▣ Seguridade persoal e prevención de accidentes na defensa contra incendios.	4.1 e 4.4	Transversal
▣ Rexistro e arquivo de información.	4.1	Específico
▣ Ofimática básica.	4.1	Específico


**ITINERARIO FORMATIVO MODULAR**

• **LENDA**




**UNIDADE DE COMPETENCIA**

1 Realizar a preparación e mantemento preventivo dos equipos de transmisión.




**UNIDADE DE COMPETENCIA**

2 Efectuar a vixilancia permanente do espazo forestal circundante e realizar a detección eficaz de incendios.




**UNIDADE DE COMPETENCIA**

- 3 Establecer comunicacións utilizando a rede de transmisións para transmitir e recibir informacións.



**UNIDADE DE COMPETENCIA**

- 4 Realizar o rexistro de datos.



**UNIDADE DE COMPETENCIA**

- 1 Realizar a preparación e mantemento preventivo dos equipos de transmisión.

**MÓDULOS**

- **ESPECÍFICOS**
  - ☞ Mantemento de equipos de transmisión.
  - ☞ Informática básica
  - ☞ Sensibilización ambiental.
- **TRANSVERSAIS**
  - ☞ Rede de comunicacións.
- **OCUPACIONAIS**
  - ☞ Seguridade persoal e prevención de accidentes na defensa contra incendios.

**UNIDADE DE COMPETENCIA**

- 2 Efectuar a vixilancia permanente do espazo forestal circundante e realizar a detección eficaz de incendios.

**MÓDULOS**

- **ESPECÍFICOS**
  - ☞ Meteoroloxía básica.
  - ☞ Cartografía e orientación.
  - ☞ Vixilancia e detección de incendios.
- **TRANSVERSAIS**
  - ☞ Seguridade persoal e prevención de accidentes na defensa contra incendios.
  - ☞ Incendios forestais e comportamento do lume.
- **OCUPACIONAIS**
  - ☞ Estrutura da loita contra incendios forestais.

**UNIDADE DE COMPETENCIA**

- 3 Establecer comunicacións utilizando a rede de transmisións para transmitir e recibir informacións.

**MÓDULOS**

- **ESPECÍFICOS**
  - ☞ Técnicas de comunicación.
  - ☞ Ofimática básica.
  - ☞ Seguridade persoal e prevención de accidentes na defensa contra incendios.
- **TRANSVERSAIS**
  - ☞ Rede de comunicacións.
  - ☞ Protocolo de comunicacións por radio.
- **OCUPACIONAIS**
  - ☞ Estrutura da loita contra incendios forestais.

**UNIDADE DE COMPETENCIA**

- 4 Realizar o rexistro de datos.

**MÓDULOS**

- **ESPECÍFICOS**
  - ☞ Rexistro e arquivo de información.
  - ☞ Ofimática básica.
- **TRANSVERSAIS**
  - ☞ Estrutura da loita contra incendios forestais.
- **OCUPACIONAIS**
  - ☞ Seguridade persoal e prevención de accidentes na defensa contra incendios.

## OBXECTIVOS MODULARES

### UNIDADE DE COMPETENCIA

- 1 Realizar a preparación e mantemento preventivo dos equipos de transmisión.

#### MÓDULO FORMATIVO

Mantemento de equipos de transmisión.

#### OBXECTIVO XERAL

Conseguir os coñecementos e destrezas necesarios e suficientes para preparar e manter os equipos de transmisión, asegurando a súa operatividade en todo momento.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Aprender a determinar se a antena está correctamente instalada para evitar que poida desconectarse por vibracións ou movementos.	⇒ Comprobando que todas as conexións están perfectamente fixadas e as condicións de emisión e recepción son adecuadas.
○ Comprobar que micrófono e altofalante funcionan perfectamente	⇒ Verificando que as condicións de emisión e recepción son as apropiadas.
○ Realizar probas de emisión e recepción co equipo antes de proceder a operar.	⇒ Observando que se leva a cabo a secuencia completa de comprobación.
○ Inspeccionar os cables de transmisión para asegurarse do seu perfecto estado.	⇒ Observando seu o estado tras a revisión.
○ Coñecer os procedementos adecuados para conseguir unha elevada duración das baterías.	⇒ Comprobando que se sequen os ditos procedementos.

#### MÓDULO FORMATIVO

Rede de comunicacións.

#### OBXECTIVO XERAL

Alcanzar os coñecementos necesarios sobre as características da rede de comunicacións así como das modalidades de transmisión e da súa composición para levar a cabo unha eficaz transmisión de información.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
○ Coñecer as características e a composición da rede de comunicacións por radio, así como as modalidades de comunicación utilizadas.	⇒ Distinguindo os distintos elementos da rede. ⇒ Comprobando a capacidade para elixir a modalidade de comunicación máis adecuada a cada situación.
○ Recoñecer os distintos compoñentes do equipo radiotransmisor.	⇒ Comprobando o coñecemento da función de cada un dos compoñentes e que son manipulados correctamente.
○ Coñecer a colocación do micrófono para emitir.	⇒ Comprobando que a colocación e a distancia do micrófono á boca son as axeitadas para unha correcta emisión.
○ Manipular os mandos para a redución de estática e o axuste do volume de audición.	⇒ Observando que o grao de ruído recibido durante a recepción é baixo

	e que o volume de audición é adecuado para unha recepción alta e clara.
○ Coñecer e evitar prácticas que impidan unha correcta comunicación.	⇒ Comprobando que a comunicación é fluída, sen cortes durante a transmisión e utilizando fórmulas de comunicación adecuadas.
○ Coñecer a existencia das distintas frecuencias, cales son os seus usos adecuados e da existencia das distintas canles de comunicación.	⇒ Comprobando a capacidade para elixir a frecuencia e canle máis adecuada para cada situación.

**MÓDULO FORMATIVO**

Informática básica.

**OBXECTIVO XERAL**

